


A observación de aves é unha actividade de ocio moi gratificante que permite profundar no coñecemento da natureza á vez que fomenta a reflexión sobre temas relacionados coas ciencias ambientais como a degradación dos hábitats ou o cambio climático. As aves son, probablemente, o grupo faunístico máis sinxelo de observar e é evidente que moitas especies atópanse estreitamente vencelladas aos espazos urbanos. As aves son ademais recoñecidos indicadores ecolóxicos e, polo tanto, unha porta para explorar e comprender o estado de saúde ambiental da nosa contorna.

Goza da biodiversidade do teu contorno sen saires da cidade e respecta o medio ambiente. Podes atopar máis información sobre este proxecto na páxina web do Concello de Ferrol.



Lavandeira branca

EDITA CONCELLO DE FERROL
DL:C 1825-2016

www.ferrol.es

© dos textos *Concello de Ferrol* © das fotos *Pablo Gutiérrez Varga*

© da ilustración da *Ría Juanlu*

AS AVES DA CIDADE DE FERROL



AVES URBANAS
DE FERROL

FERROL




Ferreiriño real

AS AVES DO CONTORNO URBANO DE FERROL

Malia que se trata dunha zona eminentemente urbana, a localización da cidade de Ferrol na beira do mar fai que o espectro de especies de aves que podemos observar sen saír da zona urbana sexa numeroso.

Nas beiras do río Sardiña, na Malata, pódense ver patos como os lavancos, mentres que nas zonas de mato aparecen especies de passeriformes como o paporrubio ou a papuxa das amoras entre outras aves. Nas zonas verdes como o Parque Raíña Sofía, o Cantón de Molíns, o parque de Herrera, ou incluso nas árbores das beirarrúas de diferentes puntos da cidade, é posible ver outras especies de paxaros que se alimentan de insectos ou sementes nas árbores como os picafollas ou os ferreiriños ou os que atopan vermes nos prados, como os merlos.



Corvo mariño

AVES MARIÑAS

Varias zonas da cidade de Ferrol ofrecen boas oportunidades para observar aves ligadas ao medio mariño. Na enseada da Malata, o porto de Curuxeiras ou a franxa litoral do barrio de Caranza pódense ver diferentes especies de gaivotas, garzas ou corvos mariños. Porén, tamén veremos aves límícolas que transitan polas zonas lamacentas da beiramar na procura de alimento, como son os pilros ou os biluricos.



Gaiyota patiamarela

